

## Cap. 3 - A EXPANSIÓN RAZOABLE

A xenuína natureza do topónimo, que se podería cualificar como descritivo ou definidor, motivou no ánimo de moita xente a comparación cun territorio contiguo e similar, o percorrido do río Miño, augas arriba dos Peares. As similitudes eran tantas en paisaxe (cun incluso un canón igual ca no Sil), en tradición monástica e en abundancia de restos eclesiásticos patrimoniais que algúns pasaron a falar da “Ribeira Sacra do Miño”. Evidentemente este termo, en principio, era incongruente, pero dadas as circunstancias, podería ser aceptable. E así se acabou aceptando.

Deste xeito foron adquirindo “tratamento” de Ribeira Sacra unhas ribeiras, Miño arriba, pertencentes ós concellos lucenses de Carballedo, Chantada, O Saviñao e Taboada. Para algúns autores incluso Parada e Portomarín.

O propio Martínez Sueiro, no artigo citado máis arriba, despois de enumerar distintas referencias da bacía do Sil expón nun parágrafo novo:

*“Mas si no se llamó, mereció llamarse “ribera sagrada” la del Miño, en los últimos quince kilómetros de curso hasta los Peares, y lo mismo al entrar en nuestra provincia, Allí nos encontramos,,, etc”*

Podemos concluír que dalgún xeito se estableceu un consenso transixente con esa ampliación da Ribeira Sacra debido a que encaixaba no “mapa mental” dunha real ribeira sacra.

O xeógrafo Augusto Pérez Alberti<sup>1</sup> comeza un artigo<sup>2</sup> co seguinte parágrafo:

*“A Ribeira Sacra é un territorio de difícil delimitación dado que non se corresponde con ningunha unidade territorial administrativa existente. É indiscutible que se sitúa en sectores concretos dos vales dos ríos Sil e Miño. Máis claramente, pódese afirmar que a Ribeira Sacra se sitúa no sector do Sil que vai dende o contorno da Teixeira ata a confluencia co Miño, e que se estira dende este lugar ata o de Belesar.”*

Esta delimitación, que non deixa de ser convencional, é a admitida maioritariamente xa a finais do século XX, especialmente pola guías de turismo que ultimamente proliferaron sobre o tema, establecendo unha diferenza co século XX no cal ese asunto só o trataban libros de eruditos.

Na edición en galego da Gran Enciclopedia Galega, de Silverio Cañadas, de 2003, e dicir case 30 anos despois da primeira edición, figura unha entrada (que nesoutra edición non había) sobre esta comarca e para definir a súa situación cita ó mencionado Pérez Alberti e reproduce ó seu criterio.

Con todo, este *statu quo*, en pouco tempo, verase alterado. Xa no último decenio do século pasado. A razón, nesta ocasión, non terá que ver nin co monacato nen coa lingüística senón con algo tan dispar como é... o mundo do viño. Poderíamos dicir que así como antes houbo un salto cuantitativo (a aplicación dun nome local a dúas sucesivas contornas de máis grande extensión) agora produciuse un “salto cualitativo” (a aplicación do nome a factores externos). É o que imos ver no capítulo seguinte.

1 Catedrático de Xeografía Física da Universidade de Santiago de Compostela desde 1999.

2 “Caracterización ecoxeográfica do Val do Sil” en “A Ribeira Sacra. Esencia de Espiritualidade de Galicia” - 2004